

CIENCIAS NATURAIS

AS PLANTAS

Se tes plantas dentro da casa, hoxe podes limparlle as follas cun pano húmido. Recorda que as plantas son **seres vivos** e respiran e fabrican o seu alimento nas **follas**. Así que deben estar limpas.

Para fabricar o seu alimento as plantas necesitan terra, auga e sol.

Ao fabricar o seus alimentos , expulsan **osíxeno** ao aire.

As plantas non teñen sentidos, non teñen vista, ouvido, olfacto, gusto nin tacto, pero reaccionan a cambios como as estacións. Mira pola ventá a ver se ves algunha planta no exterior, como está agora?, está igual que no inverno?

Debuxa unha planta que che guste. Escribe as súas partes : **raíz, talo, follas e flores** se as ten.

CIENCIAS SOCIAIS

Lectura da páxina 60 varias veces.

Copiar os dous parágrafos do recadro.

Responde: Que é o vento?

Quen nos pode proporcionar o **osíxeno** que hai no aire? **Pista:** Mira a folla de CCNN.

